

MÚSICA PROFANA

A música profana desenvólvese de forma paralela ao canto gregoriano nos castelos feudais e despois en torno ás primeiras cidades.

Os primeiros testimonios de música profana datan de finais do s. XI e comezos do XII. A ausencia de documentos pode deberse ó feito de que esta música estaba desprovista da inmutabilidade propia do divino, estaba enraizada coa tradición oral e permitía máis liberdade para a improvisación do intérprete, polo que non necesitaba transmitirse documentalmente.

<https://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=3&cad=rja&uact=8&ved=0ahUKEwi32MOd1M3PAhWCDBoKHUbHA2YQtwIILDAC&url=https%3A%2F%2Fwww.youtube.com%2Fwatch%3Fv%3DLbyjEdz3ce4&usg=AFQjCNHEar6SWFuAzFR0t0kNZvP7lwSrGw&sig2=lete4H1jKk8WTAfiKza1oA>

GOLIARDOS

Eran clérigos, monxes ou frailes que compoñían e cantaban poemas en latín de carácter profano e burlesco.

Ían dunha universidade a outra para aprender de novos mestres.

Os Carmina Burana son a principal fonte manuscrita que nos transmite a actividade dos goliardos.



XOGRARES

- Eran homes e mulleres, medio actores e medio músicos itinerantes con multitude de talentos e habilidades. As condicións necesarias para ser un bo xograr, segundo as regras da época eran:
- saber trovar (improvisar textos e melodías), saltar e xogar ós dados.
- facer voar mazás e collelas con coitelos.
- tocar o timbal, as castañolas, a cítola, a rota de 17 cordas e outros instrumentos.
- imitar o canto das aves, facer saltar aos cans, ensinar aos monos.
- facer bailar polichinelas, colocarse barbas vermellas.
- coñecer as historia de Troya, Jasón e outras lendas e, sobre todo, saber falar de AMOR.

TROVADORES

Aparecen a finais do XI na rexión francesa da Provenza froito do luxo e de refinamento dos costumes, así como do espírito cabaleiresco e de culto á muller. O primeiro trovador coñecido é Guillerme IX, duque de Aquitania.

Cantan en lingua de Oc. A súa época de florecemento sitúase entre os séculos XI-XIII. A arte dos trovadores foise extinguindo debido, sobre todo, á decadencia da cabalería.

Son poetas e músicos instruídos en monasterios e escolas episcopais, de orixe noble.

O termo aplicábase a calquera que escribise o compuxese algo. A súa arte é unha síntese de poesía e música.

Son os grandes cantantes do amor cortés (un amor que, sin ser platónico, mantense vivo grazas á non consumación).

Outros temas tratados polos trovadores: o espírito cabaleiresco, os heroes das cruzadas, os conflitos sociais e políticos, as súas propias aventuras guerreiras e amorosas, etc. Cantan sempre en lingua vernácula acompañándose dun instrumento que fai de soporte para a voz (viola, cítara, etc.)

LÍRICA GALEGO/PORTUGUESA

Afonso X, rei de Castela e León, chamado "o sabio" polo gran papel cultural desenvolvido no seu

SCRIPTORIUM, de onde saíu a colección de Cantigas de Santa María. Edando a entender que él mesmo é compositor dalgunhas melodías.

- No prólogo, Afonso X pide á "bela María" que o acepte coma o seu trovador,
- Con todo, si ceu mérito principal non é o de compositor, senón o de alentador de tal colección de composicións: son 417 melodías adicadas á virxe nas que traballaron trovadores chegados de Europa ó servizo da corte do rei sabio.
- As cantigas están recollidas en 4 códices, aínda que no da biblioteca do Escorial (códice Rico) é no único no que figuran todas, acompañadas de miniaturas que, aparte do seu valor pictórico, son un importantísimo documento organolóxico que nos permite coñecer os instrumentos musicais da época (aparecen máis de 35 instrumentos tocados por moros, xudeos, xudeocristiáns e cristiáns).
- Unhas cantigas son vocais cantadas con acompañamento instrumental, outras instrumentais e algunhas son pezas de danza.